



BASES DO CONCURSO "MÁIS DE CARBALLO QUE O PAN"

PRIMEIRO.- ORGANIZACIÓN DO CONCURSO

O concurso "Máis de Carballo que o pan - Día do Pan" está organizado polo Concello de Carballo.

SEGUNDO.- OBXECTO DA PROMOCIÓN

A través desta iniciativa, o Concello de Carballo pretende fomentar o coñecemento e o consumo de pan de Carballo e impulsar un produto con sona dentro e fóra do noso concello para contribuír á pervivencia da nosa tradición panadeira.

TERCERO.- PARTICIPANTES

No concurso poderá participar calquera persoa usuaria das redes sociais maior de idade.

A maioría de idade será corroborada mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento acreditativo da identidade das persoas físicas, no momento de desfrutar do premio.

CUARTO.- ÁMBITO TEMPORAL

O concurso comezará o 14 de outubro de 2022 ás 17.00 horas e rematará o 21 de outubro de 2022 á mesma hora.

QUINTO.- COMUNICACIÓN

O concurso comunicarase a través das contas do Concello de Carballo nas redes sociais nas que se desenvolverá: Instagram (usuario @carballomola) e Facebook (usuario facebook.com/concellodecarballo).

SEXTO.- PREMIOS

Os premios consistirán en **produtos artesáns de panadería por valor de 100 euros para cada unha das persoas gañadoras**. O gañador ou gañadora deberá elixir unha única panadería, de entre todas as participantes na campaña de promoción do pan de Carballo, para consumir o seu premio. Entregarase un único premio de 100 euros en Facebook e outro polo mesmo importe en Instagram, e non poderán recaer na mesma persoa.

O Concello de Carballo comunicará á panadería elixida por cada un/ha dos/as participantes o contido do premio e a identidade da persoa gañadora.

SÉTIMO.- MECÁNICA

Todas aquelas persoas que desexen participar no concurso deberán cumprir cos

requisitos establecidos nos termos e condicións das presentes bases.

A mecánica do concurso será a seguinte:

O día 14 de outubro de 2022 publicarase un post nos perfís do Concello de Carballo en Instagram e Facebook relacionado co concurso. As persoas interesadas en participa deberán:

- 1. Publicar unha fotografía relacionada co pan de Carballo**
- 2. Etiquetar a @carballomola en Instagram e a facebook.com/concellodecarballo en Facebook**
- 3. Utilizar o hashtag #DíaDoPanEnCarballo**

As persoas participantes serán as exclusivas responsables da autoría e orixinalidade das fotografías, manténdose o Concello de Carballo indemne respecto a calquera reclamación de terceiros en relación cos mesmos.

En todo caso, o Concello de Carballo poderá excluír da participación aqueles contidos de dubidoso gusto, que inclúan nomes, imaxes ou referencias reais de persoas, aqueles que inciten ao odio ou á violencia ou que vulneren dereitos de terceiros por ter contido racista, erótico e/o sexual, xenófobo, de apoloxía do terrorismo ou atentatorio contra os dereitos humanos, que inclúan de calquera xeito dereitos de propiedade intelectual de terceiros alleos ao Concello de Carballo, cuxo contido, ofensivo ou non, refírase a outras marcas ou que, de calquera xeito, poidan ser susceptibles de afectar á imaxe do Concello de Carballo.

De entre todas as persoas participantes resultarán unha gañadora en Facebook e outra en Instagram, que se determinarán en función dos "gústame" ou "likes" recibidos polas publicacións no período comprendido entre as 17.00 horas do 14 de outubro de 2022 e as 17.00 horas do 21 de outubro de 2022.

OCTAVO.- GAÑADORES

O día 21 de outubro de 2022, a partir da hora de peche do concurso, farase pública en cada unha das redes a identidade da persoa gañadora. O Concello de Carballo incluírá na publicación as 4 seguintes fotos con maiores puntuacións, que pasarán a formar parte dunha listaxe de suplentes. A persoa gañadora deberá:

- Comunicar nun prazo máximo de 24 horas, mediante comentario na mesma publicación das redes sociais na que se faga pública a identidade das persoas gañadoras e das listaxes de reservas.**
- Facilitar os seus datos persoais ao Concello de Carballo a efectos de comprobación de identidade e maioría de idade.
- Escoller, de entre as participantes na campaña, a panadaría na que vai consumir os 100 euros, que poderán utilizarse para comprar pan, empanadas, doces ou calquera outro produto artesán elaborado polos panadeiros e panadeiras de Carballo. En ningún caso se entregarán premios en metálico nin poderán substituírse por outros.

- **O premio deberá consumirse antes do 30 de novembro de 2022.** No caso de chegar a esa data sen consumir a totalidade do premio, a parte pendente descontarase do importe total a facturar polas panadarías, sen posibilidade de reclamación desa parte pendente.
- O Concello de Carballo facilitará a identidade da persoa gañadora á panadería escollida para que poida comprobar a titularidade do premio.
- O Concello de Carballo abonará o importe total do premio a cada unha das panadarías escollidas polos gañadores previa presentación de factura, por sede electrónica.
- No caso de que as persoas gañadoras non puidesen ou non quixesen aceptar o premio, este pasará ao primeiro suplente, e así sucesivamente, ata esgotar a listaxe de reserva. No caso de que se esgoten todos os suplentes, o concurso declararase deserto.

A persoa gañadora comprométese a preservar a boa imaxe e reputación do Concello de Carballo. Non se aceptarán comentarios que poñan en dúbida as normas do concurso ou que utilicen unha linguaxe ofensiva ou agresiva. O Concello de Carballo resérvase o dereito de eliminar das súas páxinas a usuarios/as que se comporten de maneira incorrecta neste sentido.

NOVENO.- ACEPTACIÓN DAS BASES

- O feito de participar no concurso implica a aceptación das bases na súa totalidade.
- O premio é intransferible e en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a instancia das persoas gañadoras, sendo estas, e en todo caso as suplentes, as que desfruten do mesmo.
- **O período de aceptación dos premios finalizará nun prazo de 24 horas a partir da comunicación do mesmo nas redes sociais.** Transcurrido ese prazo sen que a persoa premiada comunicase a aceptación do premio polo procedemento establecido, entenderase que renuncia ao mesmo e trasladarase ao primeiro suplente, e así sucesivamente, de ser preciso.
- As persoas gañadoras autorizan ao Concello de Carballo a facilitar os seus datos exclusivamente á panadería que escollan, que, pola súa banda, deberá cumprir a Lei de Protección de Datos.

DÉCIMO.- OBRIGAS DAS PANADARÍAS

As panadarías que resulten destinatarias finais dos premios deberán:

- Cumprir a Lei de Protección de Datos no que respecta á identidade das persoas premiadas.
- Facilitar á persoa gañadora os produtos artesáns que solicite ata o importe máximo establecido no premio.
- Presentar a factura correspondente, por sede electrónica, dirixida ao Concello de Carballo, co seguinte contido:

Concepto: Premio do concurso "Máis de Carballo que o pan - Día do Pan"
(especificando premio en Instagram ou en Facebook)

Importe total máximo por premio: 100 € (ive incluído)

Oficina contable: L01150196 Concello de Carballo

Órgano xestor: L01150196 Concello de Carballo

Unidade tramitadora: LA0018939 Alcaldía Comunicación

UNDÉCIMO.-PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Carballo non recabará datos persoais das persoas gañadoras agás os estritamente necesarios para confirmar a identidade real, no caso de utilizar un nome diferente nas redes sociais, e a efectos de comprobación da maioría de idade.